



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 2 DE NOVEMBRO DE 2018

FAVORABLES.-

LAP/280/2017.- VALDÉS NUÑEZ, S. L.- Conceder licenza de obras para construción dunha estación de servizo e servizos complementarios na rúa do Castiñeiriño s/n AC-841 – PK 0 + 570.

LIC/605/2018.- ESTHER VÁZQUEZ CARBIA.- Conceder licenza para executar obras de reforma de edificación sita en rúa da Foxeira nº 3 que inclúen a derruba e posterior reconstrución da cuberta .

LIC/453/2018.- THYSSENKRUPP ELEVADORES S.L.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para executar obras de adecuación funcional en materia de accesibilidade no edificio sito na rúa Frei Rosendo Salvado nº 5- 7.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para construción dunha estación de servizo e servizos complementarios na rúa do Castiñeiriño s/n AC-841 - PK 0 + 570. LAP/280/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar obras de reforma de edificación sita en rúa da Foxeira nº 3 que inclúen a derruba e posterior reconstrución da cuberta. LIC/605/2018. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para executar obras de adecuación funcional en materia de accesibilidade no edificio sito na rúa Frei Rosendo Salvado nº 5-7. LIC/453/2018. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a declarar xudicialmente anulado por sentenza firme do xulgado contencioso-administrativo, o proxecto de urbanización do SUNP-38 (Formarís). Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao desestimento do investimento denominado "Dotación de equipamentos deportivos e de ocio en Lavacolla", incluído no POS+2017 da Deputación da Coruña. Acórdase o desestimento do proxecto cun orzamento de licitación de 181.111,66 euros incluído no POS+2017 da Deputación da Coruña por terse presentado na convocatoria de 2018 un proxecto máis ambicioso para o mesmo espazo. Apróbase a solicitude á Deputación o reinvestimento no Concello de Santiago dos fondos asignados para este proxecto a través do Plan Provincial correspondente.

7.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e MÉDICOS DEL MUNDO. Dase conta.

8.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL E A INSERCIÓN LABORAL "PLATAFORMA POLO EMPREGO". Dase conta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e o INSTITUTO DE BACHARELATO ROSALÍA DE CASTRO de Santiago CGA. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 6.208 euros.

10.- Dar conta pola concelleira delegada de Deportes da sinatura do convenio entre o concello de Santiago e a "Asociación de padres, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual SPECIAL OLYMPICS GALICIA, 2018". Dase conta.

11.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e o CLUB ARTEAL TENIS DE MESA. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 12.000 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE AJEDREZ para o desenvolvemento do campionato do mundo de xadrez (categoría ata SUB-12). Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 180.000 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a AGRUPACIÓN DEPORTIVA EL CORREO GALLEGO. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 12.000 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e a FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 4.000 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e a ASOCIACIÓN DO CONSERVATORIO DE MÚSICA TRADICIONAL E FOLQUE DE LALÍN. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 20.000 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago e o PATRONATO DO MUSEO DO POBO GALEGO. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 30.000 euros.

17.- Proposta da alcaldía relativa á xustificación do convenio entre o concello de Santiago e á ASOCIACIÓN CORRELINGUA 2018. Apróbase a proposta.

18.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do expediente de "subministración dun vehículo tipo furgoneta para o departamento da UMAD do concello de Santiago de Compostela, gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado e establecéndose un tipo de licitación de 26.500 euros, IVE incluído.

19.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á resolución da convocatoria de concesión de axudas individuais para uso do servizo de taxi como medio alternativo adaptado ás persoas con dificultades de mobilidade e que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo no concello de Santiago, ano 2018. Apróbase a proposta.

20.- Dar conta pola alcaldía da sinatura de catro acordos da comisión bilateral relativos ás áreas de rexeneración e renovación urbana (Casco Histórico, Vite, Vista Alegre e Pontepedriña) do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, anualidade 2018. Dase conta

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do primeiro prazo do convenio nominativo asinado co Santiago Futsal. Acórdase aprobar a xustificación presentada polo Santiago Futsal para este primeiro prazo, sendo a cantidade a abonar de 45.000 euros.